



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- Parabéns para empezar

Benqueridas lectoras e lectores desta nosa revista *Encrucillada*, que está celebrando o seu 40 aniversario: parabéns polo ano novo, que está fresquiño de todo cando empezamos esta Crónica, e parabéns tamén polo proxecto común de *Encrucillada*. Ben vedes que esta revista facémola por igual as persoas que temos a tarefa e pracer de escribir nela, e as persoas que asumides o traballo de lela, de gustala, de incorporala á vosa existencia como unha compañía grata e proveitosa; sempre coa esperanza de que este traballo compartido nos axude a abrir os ollos, as mentes e os corazóns para que as solidariedades florezan con intelixencia na nosa Terra, ou onde queira que sexa, da man da fidelidade á fe cristiá que profesamos e do apego entrañable a Galicia, que tamén move as nosas ansias cada día. Fe e galeguidade que non nos

levan –iso buscamos– a ningún tipo de exclusión relixiosa ou civil, e si a respectar, amar e coidar todo o que a vida nos vai poñendo nas mans, empezando polo que está aquí, en Galicia, na soleira mesma dos nosos amenceres existenciais.

Parabéns, logo, amigas e amigos. E ben sabedes que, polo menos no referente ao campo desta Crónica da que son responsable, a maiores de ler tamén podeades asumir o papel de compartir os vosos xuízos e apreciacións, para que a cousa mellore, que seguro que poderá facelo, e moito.

2.- Regresando do Nadal

Non sei como vos deixarían as festas do Nadal. Téñenme sorprendido máis dunha vez as palabras de persoas que afirman que están desexando que o Nadal pase canto antes. Ou son persoas, normalmente mulleres,